

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS COMPLEMENTARIAS AS CONVOCADAS AO ABEIRO DOS PLANs ESTATAIS DE VIVENDA NAS ÁREAS DE REHABILITACIÓN REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DELIMITADAS NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

TÍTULO I CONVOCATORIA

Capítulo 1 CAPÍTULO ÚNICO

Artigo 1 OBXECTO

A presente convocatoria de subvencións ten por obxecto o inicio do procedemento de concesión de axudas á rehabilitación complementarias das concedidas ao abeiro dos convenios en vigor en desenvolvemento dos Plans Estatais de Vivenda nas Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no termo municipal de Santiago de Compostela.

A súa finalidade é incrementar as axudas recibidas en desenvolvemento do Plan de Vivenda en función das circunstancias subxectivas da persoa beneficiaria, polo que en ningún caso se concederán de xeito exclusivo nin fóra dos ámbitos declarados a tal efecto.

Artigo 2 REGULACIÓN

Esta convocatoria regularase de acordo coas bases recollidas no Título II desta disposición, dada á súa especificidade e tal como dispón o punto 2 a) do artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións do Estado.

Artigo 3 PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas propietarias de vivendas que sexan beneficiarias das axudas á rehabilitación convocadas ao abeiro dos convenios en vigor en desenvolvemento dos Plans Estatais de Vivenda, que reúnan, conxuntamente coa unidade familiar ou de convivencia da que formen parte se é o caso, os seguintes requisitos:

- 1 Ter a súa residencia habitual na vivenda sita no edificio obxecto das actuacións, salvo que a falta de accesibilidade da vivenda non o permita.
- 2 A suma da totalidade dos ingresos anuais debe ser inferior a dúas (2) veces o índice público de renda para efectos múltiples (IPREM).
- 3 Non posuír outra vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e aproveitamento, nin do usufruto doutra vivenda, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.
- 4 A suma dos seus aforros non poderá ser superior a tres (3) veces a cota resultante a pagar polas actuacións obxecto das axudas unha vez descontada a subvención correspondente ao Plan de Vivenda.

As persoas beneficiarias deberán destinar a vivenda a residencia habitual propia durante un prazo de 15 anos, segundo as condicións establecidas nas bases reguladoras.

Artigo 4 ACTUACIÓNS E ORZAMENTO SUBVENCIONABLES

As actuacións obxecto destas axudas serán coincidentes coas das convocatorias municipais que se complementen en cada caso.

O orzamento subvencionable destas axudas será o da convocatoria municipal que se complemente en cada caso xunto coa parte dos tributos e taxas correspondentes (taxa de licenza, imposto de construcións e obras, imposto do valor engadido) de acordo coa regulación establecida nas bases.

Artigo 5 CONTÍA DAS AXUDAS

A contía individual das axudas calcularase en función da relación entre os ingresos totais ponderados acreditados e o IPREM segundo o procedemento recollido nas bases. A axuda total máxima, que incluíría tanto a do Plan de Vivenda como a complementaria obxecto desta convocatoria, calculase de tal xeito que se esta relación se atopa entre:

- _ 0 e 1 veces o IPREM, poderá acadar o 100% do custo das actuacións.
- _ 1 e 2 veces o IPREM, reducirase esta porcentaxe proporcionalmente ata 50%.

De ser maior esta porcentaxe ca correspondente ao Plan de Vivenda, a axuda complementaria sería a súa diferenza, e no caso contrario, non se tería dereito a esta.

En ningún caso a axuda complementaria poderá exceder dun importe máximo de 18.000 €.

Artigo 6 CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS AXUDAS

Esta liña de axudas se financia con cargo ao orzamento municipal de acordo coas Bases de Execución do Orzamento Municipal do ano 2018 prorrogadas ao 2019.

O crédito orzamentario asignado a esta convocatoria, que constitúe o límite das axudas que se poden conceder, ascende a 175.000,00 €, que se cargará á aplicación orzamentaria 2019 050 15220 78001.

Artigo 7 RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, fixándose como criterio de valoración e efectos de establecer unha prelación das solicitudes, o nivel de ingresos totais ponderados da unidade familiar ou de convivencia da persoa beneficiaria, tendo preferencia as de menor nivel de ingresos.

Artigo 8 PRAZO DE SOLICITUDE

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación que se especifica nesta convocatoria iniciarase a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP, e rematarase o día 30 de setembro de 2019.

Artigo 9 ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

O órgano municipal encargado da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda que se regulan nestas bases será a Oficina Municipal de Rehabilitación e Vivenda.

O órgano competente para acordar as resolucións das axudas será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago, que porán fin á vía administrativa.

TÍTULO II BASES REGULADORAS

Capítulo 2 DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 10 OBXECTO E FINALIDADE

As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación da concesión de axudas á rehabilitación complementarias das concedidas ao abeiro das convocatorias municipais publicadas correspondentes cos convenios en vigor que desenvolven os Plans Estatais de Vivenda nas Áreas de Rehabilitación Integral declaradas no termo municipal de Santiago de Compostela:

- . CASCO HISTÓRICO
- . BARRIO DE VISTA ALEGRE
- . GRUPO DE VIVENDAS COMPOSTELA E QUIROGA PALACIOS
- . BARRIO DE VITE

A súa finalidade é incrementar as axudas recibidas en desenvolvemento do Plan de Vivenda en función das circunstancias subxectivas das unidades familiares ou de convivencia das que formen parte as persoas físicas propietarias das vivendas. Por mor do seu carácter complementario, en ningún caso se concederán de xeito exclusivo nin fóra dos ámbitos declarados a tal efecto.

Artigo 11 NORMATIVA DE APLICACIÓN

As presentes bases teñen por obxecto establecer a regulación para a concesión das axudas correspondentes á convocatoria recollida no Título I desta disposición, de acordo coa seguinte normativa que será de aplicación no non previsto nestas bases:

- . Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións do Estado (LSG en diante).
- . Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións do Estado.
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- . Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia (e corrección de erros de 3 de marzo de 2009).
- . Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
- . Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- . Bases de execución do orzamento municipal do Concello de Santiago de Compostela do ano 2018 prorrogadas para o ano 2019.

Artigo 12 COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As presentes subvencións son compatibles con calquera outra, pública ou privada, que se puidera conceder para a mesma finalidade, sempre que a súa contía, illadamente ou en

concorrenza con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, non supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Artigo 13 TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para tramitar as presentes subvencións, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades correspondentes e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de inscrición e adquisición de prelación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Oficina de Rehabilitación e Vivenda do Concello de Santiago de Compostela será a responsable do seu tratamento, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición na seguinte dirección:

Praza de Cervantes 5, 15704 Santiago de Compostela _ ocihr@concellodesantiago.gal

De conformidade co disposto polo artigo 14.1 ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia do Rexistro Público de Subvencións.

Artigo 14 ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

O órgano municipal encargado da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda que se regulan nestas bases será a Oficina Municipal de Rehabilitación e Vivenda.

O órgano colexiado avaliador das solicitudes estará composto por tres funcionarios adscritos á Oficina ou, no seu defecto, do Servizo de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da dita oficina.

O órgano competente para acordar as resolucións relativas as subvencións tramitadas de acordo coas presentes bases será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Capítulo 3 BENEFICIARIOS

Artigo 15 PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarias as persoas físicas propietarias de vivendas que sexan beneficiarias das axudas á rehabilitación convocadas ao abeiro dos convenios en vigor en desenvolvemento dos Plans Estatais de Vivenda que reúnan os seguintes requisitos:

- 1 Non incorrer nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións nin no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- 2 A unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria deberá ter a súa residencia habitual na vivenda sita no edificio obxecto das actuacións, salvo que a falta de accesibilidade da vivenda non o permita, caso no que bastará co seu compromiso de traslado da súa residencia habitual á vivenda unha vez resolto o dito impedimento.
- 3 A suma da totalidade dos ingresos anuais dos membros da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria, ponderados segundo se establece nestas bases, deberá ser inferior a dúas (2) veces o IPREM referido a 14 pagas en vigor durante o período ao que se refiran os ingresos avaliados.
- 4 Os integrantes da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria non poderán posuír outra vivenda en propiedade, salvo que non dispoña do seu uso e aproveitamento, nin do usufruto doutra vivenda, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente, de acordo coa súa definición recollida nas bases.
- 5 A suma dos aforros con que conte a totalidade dos integrantes da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria non poderá ser superior a tres (3) veces a cota resultante a pagar polas actuacións obxecto das axudas unha vez descontada a subvención correspondente ao Plan de Vivenda.

Artigo 16 COMPROMISO DO DESTINO DE RESIDENCIA HABITUAL

Unha vez executadas as actuacións, as persoas beneficiarias deben comprometerse a destinar a vivenda a residencia habitual propia durante un prazo de 15 anos.

En aplicación do artigo 29.4 a) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e 7 do Decreto 18/2014, o dito compromiso farase constar mediante o correspondente asento na escritura de propiedade do Rexistro público, o cal incluírá os seguintes extremos:

- . A percepción da subvención e o seu importe
- . As condicións de destino e requisitos establecidas nas presentes bases
- . A obrigatoriedade de reintegro do importe da axuda recibida mais os gastos de liquidación no Rexistro da Propiedade e os xuros de mora legais xerados dende a súa percepción nos casos de transmisión da propiedade durante o prazo establecido.

Nos bens así inscritos, o cambio de destino, alleamento ou gravame será autorizado pola administración concedente, sendo obrigatorio devolver o importe da axuda recibida mais os gastos de liquidación no Rexistro da Propiedade e os xuros legais xerados dende a súa percepción, nos casos de transmisión da propiedade, salvo *mortis* causa cando o que recibe a propiedade acredite as mesmas circunstancias económicas que se requiren para acceder á axuda e destine a propiedade á súa residencia habitual e permanente.

Artigo 17 EDIFICIOS E VIVENDAS INADECUADOS OU INSUFICIENTES

A efectos da valoración do requisito específico a cumprir polas persoas beneficiarias de non posuír outra vivenda en propiedade, enténdese por vivenda inadecuada ou insuficiente, aqueles casos nos que se cumpra algunha das seguintes condicións:

- . Vivenda inadecuada:
 - _ Que non teña unha finalidade propiamente residencial.
 - _ Que estea en situación de ruína
 - _ Que teña deficiencias, non imputables á falta de mantemento por parte da persoa solicitante, que afecten de forma notoria á habitabilidade, debidamente acreditadas por técnico competente.
 - _ Que pola súa configuración arquitectónica, distribución espacial, localización ou accesos, se produza unha grave perda de funcionalidade para a persoa membro da unidade familiar ou de convivencia con mobilidade reducida.
- . Vivenda insuficiente: no caso de que a cadanseu ocupante da unidade familiar lle correspondan menos de 10 m² de superficie útil, non computándose para o efecto a correspondente a baños, corredores e tendais.

Capítulo 4 CÁLCULO DA CONTÍA DAS AXUDAS

Artigo 18 ACTUACIÓNS E ORZAMENTO SUBVENCIONABLE

As actuacións obxecto e destas axudas serán coincidentes coas das convocatorias municipais que se complementen en cada caso.

O orzamento subvencionable destas axudas corresponderá co definido na convocatorias do Plan Estatal de Vivenda que se estea a complementar xunto coa parte dos tributos e taxas correspondentes que lle corresponda abonar ao beneficiario das axudas (taxa de licenza, imposto de construcións e obras, imposto do valor engadido).

De acordo co establecido no artigo 29.8 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia só poderán incluírse as taxas e tributos cando a persoa beneficiaria da subvención os aboa efectivamente, polo que en ningún caso se consideran gastos subvencionables:

- a Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- b Os impostos persoais sobre a renda.

Artigo 19 CÁLCULO DA CONTÍA DAS SUBVENCIONS

Para o cálculo da contía da axuda atenderase á relación entre os ingresos totais ponderados (ITP) e o índice público de renda para efectos múltiples (IPREM) segundo o seguinte procedemento:

- 1 En primeiro lugar calcularase o tipo T da axuda total, que inclúe tanto a do Plan de Vivenda como a complementaria que estamos a calcular, en función do valor da relación R entre os ITP e o IPREM ($R = \text{ITP}/\text{IPREM}$):
 - a Para R entre 0 e 1 (incluído este) o tipo T será do 100%
 - b Para R entre 1 e 2, o tipo T diminuirá proporcionalmente do 100% ($R=1$) ata o 50% ($R=2$) de acordo coa seguinte expresión matemática: $T = 100 - 50 \times (R-1) \%$.

- 2 En segundo lugar se comparará a porcentaxe así calculada coa correspondente da convocatoria do Plan de Vivenda e, no caso de ser superior, a da axuda complementaria sería a diferenza entre ambas.
- 3 A axuda complementaria será a suma das seguintes cantidades:
 - . O resultado de aplicar a porcentaxe do punto anterior á cota de participación do beneficiario nos custos da execución das actuacións subvencionables.
 - . As taxas e tributos correspondentes coa axuda total.
- 4 A axuda complementaria obxecto destas bases en ningún caso pode superar o importe máximo establecido na convocatoria.

Artigo 20 CÁLCULO DE INGRESOS PONDERADOS

Para calcular os ingresos totais ponderados (ITP) terase en conta a suma dos ingresos netos anuais de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia durante o exercicio inmediatamente anterior á data de publicación desta convocatoria.

A tal efecto, enténdese como unidade familiar ou de convivencia, o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

A suma dos ingresos, se é o caso, será minorada coa aplicación dos seguintes coeficientes, en función das circunstancias particulares debidamente xustificadas dos membros da unidade e do seu número de integrantes:

- c1 0,8 para unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas maiores de 65 anos ou persoas dependentes ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%.
- c2 0,85 para unidades familiares ou de convivencia con fillos menores así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- c3 0,9 para unidades familiares ou de convivencia nas que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da axuda e a orde de protección ou a medida de cautela estean vixentes.
- c4 unidades de 1 membro: 1,00
unidades de 2 membros: 0,90
unidades de 3 membros: 0,80
unidades de 4 membros: 0,75
unidades de 5 membros ou mais: 0,70

Deste xeito, segundo as circunstancias concorrentes nunha mesma unidade familiar ou de convivencia, se poderán aplicar os catro coeficientes á suma dos seus ingresos:

$$\text{ITP} = \text{SUMA (ingresos de todos os membros)} \times c1 \times c2 \times c3 \times c4$$

Capítulo 5 SOLICITUDE DA AXUDA

Artigo 21 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, documentación e xustificacións relativas aos expedientes das axudas reguladas nestas bases, presentaranse no rexistro xeral do Concello, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A solicitude de axudas formalizarase mediante os modelos normalizados incorporados como documentos anexos, de acordo cos procedementos establecidos nestas bases, nos prazos establecidos na convocatoria.

Artigo 22 MODELO E SOLICITUDE DE AXUDA

O [Modelo I de solicitude](#) incluirá inescusablemente a seguinte información:

- 1 Identificación da persoa que asine a solicitude ou, de ser o caso, da persoa que a represente.
- 2 Identificación da vivenda propiedade da persoa solicitante.
- 3 Identificación, se é o caso, dos membros da unidade familiar ou de convivencia da persoa beneficiaria solicitante, indicando aquelas circunstancias específicas das consideradas nestas bases para poder aplicar os coeficientes de minoración dos ITP correspondentes.
- 4 A suma detallada dos ingresos netos dos membros da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria, correspondentes ao exercicio inmediatamente anterior á data da convocatoria.
- 5 Axudas solicitadas e/ou concedidas para a mesma actuación, tanto a nivel particular como a través da comunidade de propietarios, así como o seu importe e administración, organismo ou entidade pública que as conceden.

Artigo 23 MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Xunto co Modelo I de solicitude, deberá presentarse o [Modelo II de declaración responsable](#) sobre as seguintes cuestións:

- 1 Compromiso de destinar a vivenda a residencia habitual propia durante o prazo establecido nestas bases.
- 2 De que os integrantes da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria non posúen outra vivenda en propiedade ou, xustificación, se é o caso, de que non dispoñen do seu uso e aproveitamento, nin do usufruto doutra vivenda, ou se trata dunha vivenda inadecuada ou insuficiente, de acordo coa súa definición recollida nas bases.
- 3 Da suma dos aforros da totalidade dos integrantes da unidade familiar ou de convivencia da que forme parte a persoa beneficiaria.

- 4 De que non incorra a persoa solicitante nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 5 De que a persoa beneficiaria se atopa ao corrente coas seguintes administracións:
 - . Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - . Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
 - . Tesouraría Xeral da Seguridade Social
 - . Concello de Santiago de Compostela

De estar dispoñible o [Modelo de autorización acceso a administracións públicas](#), poderase autorizar á administración a súa comprobación nos aspectos recollidos nel.

Artigo 24 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA XERAL

O Concello poderá pedir no transcurso da tramitación da concesión das axudas aquela documentación persoal que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos nas presentes bases ou outros documentos que, se é o caso, considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Xunto coa solicitude deberá achegarse a seguinte documentación xeral, orixinal ou copia debidamente cotexada:

- 1 Documento identificador da persoa beneficiaria que asine a solicitude e, se é o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
- 2 Cualificación provisional da axuda correspondente á convocatoria do Plan Estatal de Vivenda que se complementa.
- 3 Certificado da titularidade da conta bancaria que designe para o pagamento da subvención.
- 4 Certificado municipal de convivencia que acredite os datos que constan no Padrón municipal de habitantes identificando aos membros da unidade familiar ou de convivencia.
- 5 Declaración conxunta ou individual de todos os membros da unidade familiar do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao período impositivo inmediatamente anterior ao momento da solicitude de subvención.

Se non se fixo a declaración da renda, deberá presentarse certificación da administración de Facenda na que figuren as rendas percibidas no período impositivo indicado no parágrafo anterior.

Cando non se poidan acreditar os ingresos mediante os documentos referidos nos apartados anteriores, deberá presentarse unha declaración responsable da contía dos ingresos percibidos e da súa procedencia, acompañada da seguinte documentación:

- . Certificado de retribucións e retencións da empresa ou empresas nas cales estivese de alta no devandito exercicio.
 - . Certificado de pensións ou prestacións periódicas emitido polo correspondente organismo oficial, no caso de non ser outorgadas polo INSS.
 - . Certificado das entidades bancarias de rendementos do capital mobiliario.
- 6 Xustificación doutras axudas solicitadas ou concedidas pola administración para a mesma actuación.
- 7 No caso de que non se autorice a súa consulta á administración, certificacións da persoa beneficiaria de estar ao corrente de pagos coas seguintes administracións (só nos casos de caducidade das correspondentes á axuda do Plan de Vivenda que se complementa):
- . A Tesouraría Xeral da Seguridade Social
 - . O Concello de Santiago de Compostela

E en tódolos casos, certificacións da persoa beneficiaria de estar ao corrente de pagos coas seguintes administracións (só nos casos de caducidade das correspondentes á axuda do Plan de Vivenda que se complementa):

- . A Axencia Estatal de Administración Tributaria
- . A Consellería de Facenda da Xunta de Galicia

Artigo 25 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECÍFICA

Para poder aplicar os coeficientes de minoración dos ITP, definidos nestas bases, deberán acreditarse as circunstancias particulares dos membros da unidade coa achega xunto coa solicitude de axudas, a seguinte documentación específica, orixinal ou copia debidamente cotexada, en cada caso:

- A As familias monoparentais con fillos/as: acreditación da situación segundo o art. 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

O dito artigo define as familias monoparentais como o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal, e os fillos/as menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Teñen a mesma consideración que o fillo/a:

- . As persoas unidas ao único proxenitor ou proxenitora por razón de tutela ou acollemento.
- . O concibido ou a concibida, sempre que mediante a aplicación desta asimilación se obteña maior beneficio.

- B As familias numerosas: título de familia numerosa.

- C No caso das mulleres vítimas de violencia de xénero, algún dos seguintes documentos:

- . Certificación da orde de protección ou medida de cautela, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida de cautela.
 - . Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare dita situación.
 - . Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - . Informe dos servizos de acollida.
 - . Certificación e/ou informe dos servizos sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.
 - . Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.
- D As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida: certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.

Capítulo 6 TRAMITACIÓN DOS EXPEDIENTES

Artigo 26 RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

De conformidade co disposto no artigo 22 da LGS e no artigo 19 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, o procedemento de concesión das subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, fixándose como criterio de valoración e efectos de establecer unha prelación das solicitudes, o nivel de ingresos totais ponderados (ITP) da unidade familiar ou de convivencia da persoa beneficiaria. Terán preferencia as de menor nivel de ingresos.

No caso de igualdade no nivel de ingresos, establécese a prioridade segundo a orde de rexistro da solicitude desta axuda, tendo preferencia as mais antigas.

Artigo 27 TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

De acordo co réxime de concesión e cos criterios de prelación establecidos, o protocolo de tramitación das solicitudes de axuda presentadas correctamente en tempo e forma será o seguinte:

- 1 O órgano instrutor revisará as solicitudes presentadas respecto ao seu cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases e realizará as inspeccións e requirimentos que se consideren necesarios.
- 2 O órgano colexiado identificará aquelas solicitudes que non cumpran os requisitos e/ou non lles corresponda subvención, notificándoo aos interesados, que terán un prazo de dez (10) días para presentar alegacións.
- 3 Transcorrido o prazo de alegacións, o órgano colexiado:
 - . Desestimarás aquelas solicitudes que finalmente non cumpran cos requisitos e/ou non lles corresponda subvención.

- . Ordenará as solicitudes que cumpran cos requisitos segundo o criterio de valoración e orde de prioridade establecidos.
- 4 O órgano instrutor calculará a axuda correspondente a cada solicitude ata esgotar o financiamento dispoñible e elevará ao órgano competente a correspondente proposta de RESOLUCIÓN PROVISIONAL, que terá a condición de acto de trámite previo e necesario para a obtención da subvención.

Esta resolución deberá ser en todo caso simultánea ou posterior á aprobación inicial municipal correspondente á axuda do Plan de Vivenda que se estea a complementar.
- 5 Unha vez emitidas polo órgano competente as resolucións provisionais, remitiranse aos interesados que terán un prazo de dez (10) días para presentar alegacións.
- 6 Examinadas as alegacións presentadas polos interesados, o órgano instrutor emitirá a proposta de RESOLUCIÓN DEFINITIVA de concesión das axudas, que recollerá as seguintes relacións:
 - . Solicitudes para as que se propón a concesión da subvención e a súa contía, especificando os criterios para a súa avaliación e o prazo de xustificación das actuacións obxecto de subvención.
 - . Solicitudes desestimadas.
- 7 O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento é de seis (6) meses a partir da publicación da correspondente convocatoria. O vencemento deste prazo máximo sen terse notificado a correspondente resolución, lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 28 XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

Unha vez rematado o prazo de xustificación das actuacións correspondente á convocatoria do Plan de Vivenda que se estea a complementar, a persoa beneficiaria deberá acreditar a conta xustificativa do gasto efectivamente realizado en concepto de coste de execución das actuacións subvencionables, de acordo coas seguintes condicións:

- . Os pagos deberán acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago, nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.
- . O pago mediante transferencia bancaria xustificarse mediante copia do seu resguardo de cargo, no que deberá figurar o concepto da transferencia, número de factura ou, en defecto deste, o concepto aboado.
- . En todos os xustificantes de pago que achegue o beneficiario debe figurar como emisor del; no caso de non aparecer, achegará acreditación da entidade bancaria que conteña información sobre o emisor do pago, destinatario, data e importe.

- As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador e forma de pago e restantes requisitos esixidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

Cando a persoa beneficiaria non sexa propietaria única, poderase achegar como xustificación unha certificación da repercusión efectiva da cota que lle corresponda pola execución das actuacións subvencionables, emitida pola entidade promotora destas.

Artigo 29 PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

A persoa beneficiaria deberá xustificar as actuacións obxecto destas axudas no prazo dun (1) mes dende a recepción da notificación da cualificación definitiva das axudas do Plan de Vivenda que se estean a complementar, sen superar en ningún caso o seu prazo de vixencia.

Artigo 30 TRAMITACIÓN DAS XUSTIFICACIÓNS

Á vista dos beneficiarios que presenten a xustificación da subvención no prazo establecido, o órgano instructor procederá do seguinte xeito:

- Comprobará que a entidade promotora das actuacións obxecto de subvención conta coa cualificación definitiva ao abeiro do Plan de Vivenda que se estea a complementar.
- Revisará os valores obxecto da subvención nos casos que cumpran os requisitos anteriores, e, se é o caso, axustará a contía da axuda ao custo das actuacións efectivamente executadas. A axuda non poderá superar en ningún caso a cantidade recollida na resolución definitiva.
- Elevará ao órgano competente a proposta de APROBACIÓN DO GASTO das axudas, na que se asignará a contía correspondente en cada caso.

Esta aprobación deberá ser en todo caso simultánea ou posterior á aprobación definitiva municipal correspondente á axuda do Plan de Vivenda que se está a complementar.

Artigo 31 PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS

A resolución definitiva de concesión das axudas en ningún caso comportará dereito á subvención por parte dos solicitantes, nin en consecuencia xerará ningunha obriga económica para o Concello. O beneficiario adquire dereitos fronte o Concello mediante a aprobación do gasto na anualidade de imputación deste.

Si no prazo de tres (3) meses contados a partir da comunicación ao Concello da xustificación da subvención, non se notifica resolución expresa, os interesados están lexitimados a entender desestimada por silencio administrativo a aprobación do pago da subvención.

Con carácter previo a aprobación do pago das subvencións as persoas beneficiarias deberán presentar certificacións de estar ao corrente de pagos coas seguintes administracións (só nos casos de caducidade das correspondentes as axudas do Plan de Vivenda que se complementan):

- . A Axencia Estatal de Administración Tributaria
- . A Tesouraría Xeral da Seguridade Social
- . A Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
- . O Concello de Santiago de Compostela

De estar dispoñible o [Modelo de autorización acceso a administracións públicas](#), poderase autorizar á administración a súa comprobación nos aspectos recollidos nel.

Artigo 32 OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS CON APROBACIÓN DEFINITIVA

As persoas beneficiarias das axudas recollidas nas presentes bases que contén con aprobación do gasto terán as seguintes obrigas:

- 1 Destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.
- 2 Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos incluídos os documentos electrónicos xa que poderán ser obxecto de actuacións de comprobación e control.
- 3 Comunicar ao órgano instrutor calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- 4 Comunicar ao órgano instrutor a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais.
- 5 Dar cumprimento ás obrigas recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 6 Inscribir o correspondente asento na escritura de propiedade do Rexistro público do compromiso de destino da vivenda a residencia habitual propia nas condicións establecidas nestas bases.

Artigo 33 REVOGACIÓN DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS

En particular serán causas de revogación das subvencións o incumprimento das obrigas recollidas no apartado anterior e, en xeral, o resto das recollidas nestas bases.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.